

O galego, xunto co portugués, o castelán, o catalán, o francés, o provenzal, o italiano, o romanés, etc., son **linguas románicas, romances ou neolatinas** pois son variantes xeográficas dunha lingua común, o **latín vulgar** (*sermo vulgaris*). O galego é, pois, a transformación concreta dese latín vulgar no noroeste peninsular, influído polas linguas anteriores (**substratos**) e posteriores (**superestratos**) ao latín.

Antes da chegada do latín, no período prerromano, que coincide coa nosa prehistoria, en Galicia habitaban diferentes pobos, sen unidade lingüística nin cultural. Falamos de **linguas prerromanas**. Ao conxunto de trazos que deixaron as linguas prerromanas chamámoslle **substrato prerromano**. Neste substrato prerromano do galego, o elemento máis significativo é o **substrato celta** (aínda que moitas voces célticas puideron chegar xa incorporadas ao latín que traían os exércitos). Elementos prerromanos presentes hoxe no galego son: elementos da toponimia¹ (*Alcabre, Navia*), no léxico (*carrapucho, morote, galego*); atribúenselle tamén a este substrato algúns trazos fonéticos característicos do galego como a perda do –N- intervocálico latino (LUNAM>lúa), a evolución do grupo consonántico latino –CT- a –it- (NOCTEM>*noite*) e a sonorización das consoantes oclusivas xordas intervocálicas latinas: VITAM>*vida*, ACUTUM>*agudo*, CAPITIAM>*cabeza*.

A **romanización**, o proceso de asimilación dos pobos prerromanos ao mundo cultural romano, esténdese desde a chegada das lexións romanas por primeira vez, séc. III a.C., ata a desintegración do Imperio Romano (séc. V). Foi un proceso gradual polo que os pobos que habitaban a Península Ibérica acabaron por adoptar a lingua latina traída polos lexionarios, os colonos, os comerciantes e os funcionarios imperiais. Esta romanización foi completa e supuxo a desaparición practicamente de calquera vestixio lingüístico anterior, se ben, o substrato prerromano influíu no modo en que a poboación galaica aprendeu esta nova lingua. Cómpre ter en conta para entender a evolución que sufriu a lingua, que o noso territorio estaba lonxe da metrópole (nun período en que a comunicación entre as partes do Imperio era difícil), e que os portadores da lingua (lexionarios, colonos, funcionarios, escravos, etc.) eran sectores pouco cultos e que falaban a variante popular da lingua, xa moi distanciada do latín clásico.

Coa ruptura do Imperio Romano (séc. V), prodúcese as **invasións xermánicas**. No caso peninsular, os pobos de etnia xermánica que se asentaron foron os suevos, vándalos e alanos. Os **suevos** constituíron un reino na antiga Gallaecia latina entre os séculos V e VI, ata que foron derrotados e asimilados por outro grupo xermánico militarmente dominante na época, os **visigodos**. En calquera caso, os pobos xermánicos que chegaron á Península, xa estaban moi romanizados, e o seu nivel cultural non superaba ao da poboación romana peninsular, a súa organización administrativa era de peor calidade que a romana, e por todas estas razóns, non impuxeron a súa lingua, senón que acabaron romanizándose. No galego actual, o **superestrato xermánico** deixou trazos na toponimia e antroponimia (*Afonso, Luís, Elvira...*; *Gondomar, Samil, Sabarís, A Gudiña...*) e no léxico común: *roupa, banco, xabón, roubar...*

No séc. VIII (711) os **musulmáns** penetran na Península e poñen fin á monarquía visigoda, que retrocedeu ata refuxiarse nas zonas do norte e noroeste peninsular. En cada rexión do norte foron nacendo condades e reinos cristiáns, e naceron os protorromances peninsulares (a orixe das distintas linguas e dialectos diferentes que se falan hoxe na Península). A invasión árabe

¹ **Toponimia galega**: http://gl.wikipedia.org/wiki/Topónimos_cellticos_en_Galicia

desempeñou un papel fundamental, xa que precipitou o proceso de diferenciación do latín vulgar e de consolidación das variantes xeográficas que coa Reconquista e a extensión dos reinos cristiáns cara ao sur, estenderon e conformaron definitivamente as diferentes linguas peninsulares. Os asentamentos árabes no noso territorio foron escasos e efémeros. O superestrato árabe constitúeno os elementos do léxico que posúe o galego procedentes desa lingua, se ben, no caso do galego, moitos dos vocábulos desa orixe chegaron a través das linguas veciñas e non directamente desde o árabe: *cenoria, albanel, alicate, cifra, alquimia, laranxa*.